

Macedonia e a extensiÃ³n do conflito balcÃ¡nico

Description

¿Era Milosevic o Ãºnico problema? ¿Era a guerrilla do sur de Serbia, o ExÃ©rcito de Liberaci3n de Presevo, Medvedja e Bujanovac, o castigo imposto a Kostunica por non aceptar a entrega de Milosevic a Carla del Ponte? ¿Son os conflitos de Macedonia a expresi3n do descontento da UÇK pola progresiva entrega de Kosovo ao control de Belgrado? A nova escalada do conflito balcÃ¡nico sitúa novamente contra as cordas a estratexia internacional de mantemento do statu quo na rexión. Ata agora Macedonia, dunha extensi3n similar a Galicia, presumía de ser a Ãºnica das RepÃºblicas da antiga Iugoslavia que accedeu a plena soberanía sen disparar un s3 tiro.

É cedo aínda para falar do estoupido dunha nova guerra rexional, pero os combates van en aumento nas vilas que rodean Tanusevci, a trinta quil3metros de Skopie, a capital, con serio perigo de extenderse ao resto deste pequeno país. Esa baixa intensidade do conflito podería trastocarse en calquera momento se tomamos en consideraci3n que ata un cuarto da poboaci3n macedonia é de orixe albanesa.

Diferentes expertos vaticinan o incremento dos combates con vistas a mellorar as súas posici3ns nunha hipotética negociaci3n coas autoridades de Skopie. Outros, sen embargo, os limitan no tempo á duraci3n da campaa electoral en Tirana donde as simpatías tenden a medrar en momentos políticamente moi oportunos para algunhas forzas internas.

Hai uns días, Milajim Fejzi, presidente do Forum para os dereitos do home de Gostivar e rector da Universidade paralela albanesa de Tetovo, confirmaba este progn3stico: os albaneses conquistarán os dereitos que desexan en Macedonia, pola negociaci3n ou pola forza, asegurando que a federalizaci3n de Macedonia é inevitable. O obxectivo Ãºltimo dos grupos armados é evidente: a unificaci3n de todas as rexións da ex – Iugoslavia de maioría albanesa, primeiro paso para a construcci3n da Gran Albania.

Polo de agora, as grandes instancias internacionais (OTAN, ONU) insisten na condena formal da violencia, pero non adiantan medidas adicionais de ning3n tipo: nin militares ou policiais, para paralizar os combates; nin políticas, aclarando, por exemplo, o futuro do estatuto de Kosovo e o recoñemento efectivo dos dereitos das minorías en Macedonia e en toda a rexión.

Mentres, en relaci3n a Belgrado, un documento confidencial do Departamento de Estado precisaba as esixencias de Washington para procurarlle axuda ao goberno serbio: colaboraci3n decidida e clara na posta a disposici3n da xustiza internacional dos acusados por crimes de guerra; medidas legislativas e políticas para garantir o pleno respecto das minorías étnicas; e cese inmediato do pagamento dos salarios e pensións dos oficiais do exÃ©rcito da RepÃºblica Srpska de Bosnia polos servicios financeiros de Iugoslavia. Belgrado debe dar unha resposta concreta antes do 31 de marzo pr3ximo, data en que o Congreso americano vai decidir sobre a continuidade da axuda.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARCHIVE BalcÃ¡ins

IDIOMA

Galego

Date Created

March 20, 2001

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2001-03-20 00:00:00